

## LINGUA GALEGA 6ºEP

Ola, meus chicos e chicas de 6º de primaria!!

Continuamos estudando os verbos da **PRIMEIRA CONXUGACIÓN**, é dicir, os **verbos rematados en –AR (estar, cantar, xogar, estudar, bailar, saltar...)**. De momento seguimos estudando únicamente o seguinte:

- **FORMAS NOMINAIS: infinitivo, xerundio e participio.**
- **MODO INDICATIVO: presente, copretérito, pretérito, antepretérito, futuro e pospretérito.**

Na páxina 92 do libro tedes o VERBO ESTAR conxugado para poder estudar. Déixovos tamén un enlace que podeades empregar para ver conxugados outros verbos rematados en –AR: <http://cotovia.org/proxecto/conxugador/index.html>

Unha vez repasados os verbos, debeades facer as seguintes actividades do libro de Linga Galega.

- 1. Ler a páxina 56: o verbo, número e persoa dos verbos, formas verbais persoais e non persoais.**
- 2. Facer os exercicios 1 e 2 da páxina 56 no caderno.**

A continuación, tedes a páxina 56 do libro de texto.

Unha vez feitos estes exercicios, enviade fotos ao meu correo: [profeantia@gmail.com](mailto:profeantia@gmail.com)

**MOITO ÁNIMO, MEUS CHICOS E CHICAS!!!**

**UN BICO MOI GRANDE!!!**

**Antía.**

Verbo (I): número e persoa; formas verbais persoais e non persoais

**!** O verbo é a palabra que funciona como núcleo do predicado e expresa as accións que realiza o suxeito. Para concordar con el, as formas do verbo varían en número e persoa.

**Número e persoa**

O número indica se o suxeito que realiza a acción é un ou varios. Pode ser singular ou plural.

|                 |   |
|-----------------|---|
| <b>Singular</b> | Refírese a unha soa persoa, animal ou cousa.        |
| <b>Plural</b>   | Fai referencia a varias persoas, animais ou cousas. |

A persoa indica a persoa gramatical que realiza a acción.

|                   |  |
|-------------------|--|
| <b>1.ª persoa</b> | Refírese á persoa que fala (eu, nds).  |
| <b>2.ª persoa</b> | Fai referencia á persoa que escoita (ti, vds).                                 |
| <b>3.ª persoa</b> | Refírese a outra persoa distinta da que fala ou escoita (el, ela, eles, elas). |



**Formas verbais persoais e non persoais**

As **formas verbais** ás que lles podemos pór un pronome diante chámanse **formas persoais** (estou, podo).  
As formas **non persoais** ou **nominais** do verbo reciben este nome porque son invariables, non teñen desinencias que expresen número, persoa, tempo ou modo e non aceptan un pronome.

**FORMAS NOMINAIS OU NON PERSOAIS**

- **Infinitivo** (abrir).
- **Xerundio** (chamando).
- **Participio** (pechada).

**1** Escribe o número e a persoa das seguintes formas verbais.

|           |             |              |              |
|-----------|-------------|--------------|--------------|
| son       | virán       | mercaremos   | naciches     |
| descifrou | atravesaras | nado         | descubriades |
| operastes | xogan       | soñase       | defendesen   |
| persuadín | bailariades | investigarán | atrapou      |

**2** Escribe unha oración con cada unha das formas verbais solicitadas.

- Forma do verbo **viaxar** en primeira persoa do plural.
- Forma do verbo **sair** en primeira persoa do singular.
- Forma do verbo **imaxinar** en terceira persoa do singular.
- Forma do verbo **ler** en terceira persoa do plural.
- Forma do verbo **andar** en segunda persoa do plural.
- Forma do verbo **amar** en segunda persoa do singular.